

# FALEMOS GALEGO NAS AULAS!

7-25 de novembro  
CONCURSO DE  
CARTACES.  
FACULTADE  
CIENCIAS DA  
EDUCACIÓN

bases en [www.educacion.udc.es](http://www.educacion.udc.es)  
[bibedu.blogaliza.org](http://bibedu.blogaliza.org)

## Organiza

Aula de plástica e Biblioteca da Facultade de Ciencias da Educación, dentro das actividades propostas na Comisión de Normalización Lingüística do centro, coa colaboración da Comisión de Cultura.

## Bases

### 1. Participación

Poderá presentarse todo o alumnado da Facultade de Ciencias da Educación da UDC.

### 2. Tema

*Falemos galego nas aulas!*

### 3. Técnica: Libre. Deberá conter a lenda do tema.

### 4. Entrega dos traballos:

os cartaces deberán enviarse por correo electrónico a [mdoval@udc.gal](mailto:mdoval@udc.gal). Deberán entregarse en formato jpg nun tamaño A3 (297x420 mm), cun mínimo de 1748x2480 píxeles e máximo de 2825x4000 píxeles, o peso debe ser inferior a 8 Mb. Todas as aportacións deben ir en alta resolución (300 dpi). A orientación é libre (vertical ou horizontal).

No correo deberá ir en asunto “falemos en galego nas aulas” e no corpo da mensaxe o nome da/o alumna/o, curso e grao.

Só se poderá presentar unha obra por participante e o traballo será individual.

### 5. Selección e premio.

Haberá dous premios de 50 € cada un a canxear nunha librería da cidade, por libros escritos en galego. Un xurado composto por docentes, alumnado e PAS da facultade seleccionará os dous cartaces premiados. Escollerá ademais outros 8 cartaces que formarán parte, xunto cos premiados, dunha exposición no Recuncho de lectura. A organización encargárase da súa impresión

e montaxe para a exposición.

Todos os traballos presentados deberán cumprir as bases e adecuarse ao tema para ser seleccionados. Valorarase a creatividade, orixinalidade e deseño.

**6. Prazos:**

- a. O prazo máximo de recepción de obras será o 25 de novembro.
- b. O 30 de novembro o xurado comunicará aos premiados/as a súa decisión e a fará pública na web da Facultade e no blog da biblioteca.
- c. O 13 de decembro será a entrega de premios e inauguración da exposición no *Recuncho de lectura da Biblioteca*.

**7. Dereitos de uso das imaxes.**

- a. As/os participantes responsabilízanse de que non hai dereitos de terceiros sobre as imaxes que presentan, respondendo ante calquera reclamación que poida xurdir por dereitos alegados de terceiros.
- b. As/os participantes autorizan o uso non comercial das imaxes á Facultade de Ciencias da Educación para a súa exposición e divulgación do Concurso e para promocionar o uso da lingua galega nas aulas. En calquera caso serán utilizados utilizando a licencia **by-nc**